



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE NOVEMBRO DO 2015

Señoras e señores asistentes

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros:

Dona Carmen María Lois Ferrón.

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventora:

Dona Araixa Varela Bermúdez.

En Padrón, sendo as vinte horas do día vinte e seis de novembro do dous mil quince, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total os trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do día da convocatoria que é o seguinte:

PARTE I.- ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 24 DE SETEMBRO DO 2015.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión anterior realizada o vinte e catro de setembro do dous mil quince, formulándose as seguintes:

Sra. Rey Pazos. Explica que na sesión anterior solicitou que constara en acta un escrito que logo remitiu ao Concello, exactamente na páxina 5, e que supón que como foi o secretario que estivo no sitio da señora Ares Álvarez igual non llo pasaron a el. Di que trae o escrito e que ao día seguinte llo pasa á señora secretaria sen ningún problema.

Sr. Alcalde. Pregunta si é a lectura dos reparos.

Sra. Rey Pazos. Contesta que si.

Sra. Secretaria. Pregunta simplemente de que punto está falando.

Sra. Rey Pazos. Contesta que é na páxina 5 da acta.

Sr. Alcalde. Di que é a páxina 4.

Sra. Rey Pazos. Di que é o punto 3 e a páxina 5 da acta onde fai a súa intervención onde debería constar ese escrito.

Sr. Alcalde. Pregunta si hai votos a favor das alegacións.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que el non ten coñecemento dese escrito.

Sra. Rey Pazos. Di que a remiteu e que pensa que foi un erro.

Sr. Alcalde. Explica que non hai debate, que ela presenta as alegacións e votan as alegacións.

Sra. Rey Pazos. Di que quere que conste en acta o que dixo o outro día.

Sr. Alcalde. Explica que consta que fai estas alegacións, vai constar na acta seguinte e os votos a favor dos que queren que se introduza e de quen non votou a favor.

Sra. Rey Pazos. Di que lle Parece ben.

Sr. Santaló Ríos. Entende que lles están pedindo que voten sobre unhas alegacións sobre as que non teñen coñecemento.

Sra. Secretaria. Solicita a palabra ao señor Presidente, quen lla concede, para explicar que non se trata de que os grupos políticos se manifesten sobre as alegacións; que se trata de que os grupos políticos voten si efectivamente hai un erro na acta que segundo parece foi que: a señora Rey Pazos solicitou que se incluíra un escrito e non se incluíu. Que se trata de si os grupos políticos están de acordo con que é un erro e que efectivamente pasou eso nesa sesión, non que se manifesten sobre o contido do escrito.

Sra. Rey Pazos. Explícalles que foi na sesión das contas e que aínda o Sr. Alcalde lle apercibiu por esas alegacións.

Non habendo máis alegacións, o señor Presidente somete a votación, coa corrección sinalada, a acta da sesión realizada o día 24 de setembro de 2015:

VOTOS A FAVOR: Once (11), emitidos polas concelleiras e polos concelleiros do PP, as señoras Lois Ferrón e Couso Dopazo e os señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos e polo concelleiro de AxP, señor González Pardal.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

VOTOS EN CONTRA: Un (1), emitido polo concelleiro da CIPa, o señor Rodríguez Carbia

ABSTENCIÓNS: Unha (1), emitida polo concelleiro do BNG señor Santaló Ríos.

Verificado o cómputo da votación o Pleno da Corporación Municipal acorda, por maioría, aprobar a acta do 24 de setembro de 2015 coa inclusión do seguinte escrito na páxina 5 durante a intervención no debate da señora Rey Pazos no punto 3 da Orde do día da sesión:

<<Tras a resposta negativa do Señor Alcalde na Comisión de Contas celebrada o 30 de xullo de 2015, onde preguntei se había algún motivo que eu descoñecese e que xustificase a comisión reiterada de irregularidades que se reflicten na documentación en relación coas Contas do 2014, poño de manifesto ao Pleno da Corporación e para que conste en acta o seguinte:

En primeiro lugar, indicar que a conta preséntase fora de prazo e con máis de catro meses e retraso ante á Comisión (o límite era o 1 de marzo de 2015).

En segundo lugar, queremos facer un breve resumo nada máis e nada menos que de **28 REPAROS SUSPENSIVOS** feitos pola intervención municipal a unha serie de pagos efectuados e que foron levantados por Resolución da Alcaldía durante o ano 2014:

a) O pago de facturas por contratación do asesoramento técnico urbanístico e xurídico, por importe superior a 6.000 euros (mensuais), facturas derivadas de contratos menores (de cuantía non superior a 18.000€ e cunha duración máxima dun ano) que son prorrogados irregularmente ano tras ano, nalgún caso dende o 2010. Ocorre o mesmo con outros contratos por servizos xurídicos e de xestión laboral.

b) Facturas por servizos extraordinarios "horas extra" que incumpren os contratos asinados, onde non se recolle a posibilidade de percepción de horas extra. Ademais, nalgún caso, sen que lle conste a Intervención os asuntos cuxa importancia fan imprescindible a realización de ditas horas extra.

c) Irregularidades na presentación das facturas coa empresa INBISA SERVICIOS E MEDIO AMBIENTE S.A., adxudicataria do contrato de xestión do servizo público de recollida de RSU e envases lixeiros, limpeza do mercado dominical e xestión do punto limpo de Padrón. Contrato adxudicado por procedemento negociado sen publicidade, e que superada con creces na data de emisión do informe da intervención, o valor estimado esixido para este tipo de contratos.

d) En relación coas factura das seguintes empresas ROO Montajes Eléctricos S.L e ROOMEL Service S.L; Seigal, S.L; Servizos Sociais Ulla Sar, S.L. derivadas de contratos menores e que ao longo do ano superan con creces o importe para este tipo de contratos, vulnerándose así os principios de concorrencia e publicidade.

e) Require tamén unha especial mención a Piscina Municipal: no ano 2009 remataba a relación contractual coa empresa Gimnasios Pazos S.A, aínda así, a empresa continuou coa xestión sen ningún tipo de contratación por parte do Concello. Figura no informe da Sra. Interventora o aumento do canon concesional, recollido na cláusula 4ª do contrato, sen motivo coñecido.

No ano 2009 destináronse a reparación de dita piscina 89.211 euros dunha volta e 140.042,61 euros doutra. No 2014, 229.019,24 euros destinados a súa reparación. En total, 458.272,85 euros, e a piscina segue sen funcionar a data de hoxe.

O proceder é similar en relación co servizo da gardería infantil municipal.

f) Ao longo do 2014 realízanse numerosos pagos das denominadas "facturas de caixón", recoñecidas no informe da intervención e realizadas sen consignación orzamentaria debido a inexistencia de crédito axeitado e suficiente en varios exercicios pechados (reparos suspensivos 7 e 20/2014).

g) Atopámonos cun déficit orzamentario de 95.312,96 euros e cunha débeda viva do Concello de

1.027.418,32 euros. O que demostra que o concello gasta mais do que ingresa.

Nas conclusións, no apartado segundo do informe de intervención de data 28 de abril de 2015 indícase: "Débese proceder a unha redución e contención do gasto corrente que non sexa absolutamente imprescindible para o mantemento dos servizos básicos municipais que se debería concretar sobre todo no capítulo 1 de gastos de persoal e no capítulo 2 de gastos correntes e servizos mediante a elaboración dun Plan Económico-financeiro ou un plan de saneamento" e no apartado terceiro propónse o seguinte: "Débense aumentar os recursos propios mediante a revisión de tódalas ordenanzas fiscais e non fiscais, incluso valorar a procedencia de establecer novos impostos e taxas, de forma que se consiga unha porcentaxe máis alta no financiamento total do presuposto con estes recursos, de forma que se reduza a dependencia dos ingresos procedentes fundamentalmente do capítulo 4, que son fundamentalmente achegas doutras Administracións Públicas".

Neste sentido nós somos totalmente contrarios, a que sexan os cidadáns de Padrón os que cos seus impostos financien a mala praxis de gasto do Concello de Padrón ao longo de décadas, pero si estamos de acordo cunha revisión das taxas e ordenanzas para adecualas aos tempos actuais, pero acompañado dun Plan Económico – financeiro ou Plan de saneamento.

Finalmente indicar que o máis grave de todo e que isto é so un pequeno resume de entre moitas outras irregularidades recollidas pola Sra. Interventora e que atopamos nesas contas. Veciños de Padrón, seguindo cos seus principios, optará pola abstención na votación ao non formar parte da Corporación Municipal no momento no que se realizaron, pero non sen denunciar, por medio de esta Concelleira, as anomalías que se están a producir. E advertindo de que a nosa formación realizará un control exhaustivo das contas municipais no presente exercicio e seguintes, mediante o exame exhaustivo da documentación que consideremos oportuna e non descartando a posibilidade da adopción de outras medidas de persistir ditas irregularidades.>>

Sr. Alcalde. Cédelle a palabra ao Sr. Forján Seoane para a explicación de voto.

Sr. Forján Seoane. Entende que o que está presentando a señora Rey Pazos é o que leeu no Pleno anterior.

Sr. Alcalde. Di que é o que leeu ese mesmo día.

Sr. Rey Pazos. Lembra que o remitiu por correo electrónico ao Concello para que se incluíra exactamente na acta.

Sr. Forján Seoane. Replica que o seu grupo non ten constancia diso.

Sr. Rey Pazos. Contesta que por iso o di, que se pode comprobar que é o mesmo escrito.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que si o presentou por rexistro e o enviou por correo electrónico ao Concello, pregunta porque non estaba incluído na orde do día da sesión anterior.

Sr. Alcalde. Explica que é porque o señor Secretario no seu día non o incluíu na acta.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que debería estar incluído na orde do día desta sesión.

Sr. Alcalde. Reitera que non estaba incluído.

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que, se non estaba, o primeiro que debería votar a Corporación é a inclusión ou non inclusión e a partir diso votar a favor ou votar en contra.

Sr. Alcalde. Di que están no turno de explicación de voto e que xa está dada e que él non recibiu ese correo.

Sra. Rey Pazos. Explica que no outro pleno foi cando non funcionaran os micros e que non se gravou e que dixo que poñía o escrito a disposición do secretario pero que non tiña o seu correo electrónico e preguntou no Rexistro Xeral do Concello e se lle dixo que o remitira ao xeral do Concello e que se encargaban de darlo ao



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Secretario. Cando veu a acta dou por feito que non se lle pasara, entón que por iso di isto.

2.- APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE USO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE PADRÓN.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 23 de decembro de 2015, que di:

<<Visto que o Concello de Padrón conta con dúas piscinas municipais e que é obrigado que todo servizo público conte coa correspondente ordenanza ou regulamento que defina as relacións entre as persoas usuarias e o titular do servizo, así como os seus dereitos e obrigas na utilización do mesmo.

Vista a proposta de regulamento asinado o 13 de novembro de 2015 pola secretaria municipal.

Considerando que é o pleno o órgano competente para a aprobación de ordenanzas e regulamentos tal e como establecen os artigos 22.2.d. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local (LBRL), e 64.2. da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG), e

Considerando o procedemento de aprobación das ordenanzas recollido no artigo 49 da LBRL e no artigo 196.2. do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais,

Propoño ao Pleno:

Primeiro. Aprobar inicialmente o Regulamento de uso das piscinas municipais do Concello de Padrón cuxo texto se recolle como anexo a esta proposta.

Segundo. Facer público o presente acordo mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial de Provincia da Coruña e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e abrir un trámite de información ao público e audiencia aos interesados por un prazo de 30 días hábiles, contados desde o de publicación daquel anuncio no BOP, e durante o cal poderán presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Terceiro. No suposto de non presentarse ningunha reclamación ou suxestión entenderase aprobada definitivamente esta ordenanza procedendo entón á publicación do acordo e do texto íntegro da mesma tamén no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

ANEXO

REGULAMENTO DE USO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PADRÓN.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1. Obxecto.

Este Regulamento ten por obxecto ordear o uso e funcionamento das piscinas municipais de titularidade do Concello de Padrón, ben sexan xestionadas por este directamente ou ben indirectamente por calquera das modalidades de xestión de servizos públicos previstas nas normas, e será de aplicación ás actividades que se desenvolvan nestes espazos.

Artigo 2. Calificación xurídica dos bens destinados ao servizo público.

As instalacións obxecto deste regulamento teñen a condición de bens de dominio público, destinados á prestación do servizo público municipal de piscina, de acordo cos artigos 4 do Real decreto 1.372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais e 79.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

Artigo 3. Finalidades do servizo público.

Son finalidades do servizo público que se presta nas piscinas municipais as seguintes:

- a) Promover o acceso das cidadás e dos cidadáns, sen discriminacións ou límites de idade, á práctica de actividades acuáticas, como ocupación saudable do tempo de lecer.

- b) Achegar a actividade acuática aos menores mediante os programas deportivos que se implanten.
- c) Promover cursos de natación entre os diferentes sectores da poboación.
- d) Fomentar e promover o exercicio físico mediante as actividades que se realicen nas instalacións.

Artigo 4. Condicións hixiénico-sanitarias.

As condicións hixiénico-sanitarias das piscinas municipais serán as establecidas no Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas, e no Decreto 103/2005, do 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo, así como por aquelas normas que modifiquen ou substitúan estas e o resto da normativa estatal ou autonómica que lle sexa de aplicación.

CAPÍTULO II. ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.

Artigo 5. Acceso á piscina.

1. As instalacións das piscinas municipais están ao dispor de todos os cidadáns e cidadás do Concello de Padrón que pretendan realizar algunha das actividades deportivas que nelas se poidan practicar, de acordo co previsto neste regulamento.

2. O acceso ás instalacións pódese realizar baixo calquera das seguintes modalidades:

- a) Abonados. Coa condición de abonado pódese ter acceso a todos os espazos de uso común da piscina cuberta municipal e practicar calquera das especialidades deportivas que se desenvolvan no seu interior, sen outra limitación que o tempo que se puidera fixar para actividades concretas.

Poderán ser establecidos diversos tipos de abonos en función de tempo, unidade e extensión familiar, colectivos especiais, etc.

Ademais os abonados terán a posibilidade de ser "cursistas" cun desconto non prezo tal e como se prevé na ordenanza fiscal correspondente.

- b) Abonados de verán. Este tipo de abonados terán acceso ás piscinas municipais descubertas sen limitación de tempo nin de sesións durante o período no que estas piscinas permanezan abertas.
- c) Asistente a cursiños. Teñen esta condición as persoas inscritas nalgún curso ou actividade e unicamente poderán facer uso das instalacións nas que se desenvolva a actividade solicitada e polo tempo de duración desta.
- d) Entradas unitarias. Terán acceso pagando o custo da entrada diaria no momento do acceso. As persoas beneficiarias destas entradas poderán facer uso de todas as zonas de acceso común, sen apoio personalizado de monitor ou monitora especializada e con uso limitado en función da ocupación da instalación en cada momento.

Artigo 6. Exceso de demanda.

Cando a demanda de abonos ou de inscrición en cursos ou actividades supere a capacidade máxima prevista utilizaranse listaxes de espera para cubrir as baixas que se produzan. As posibles vacantes cubriranse por riguroso orde de inscrición na devandita listaxe.

CAPÍTULO III. NORMAS DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS.

Artigo 7. Aceptación das normas.

O acceso ás instalacións municipais supón a aceptación polas persoas usuarias das normas contidas neste regulamento e no resto da normativa de aplicación.

Artigo 8. Calendario e horario de apertura.

As instalacións das piscinas municipais estarán abertas ao público os días e nos horarios que se aproben polo Concello e que se atoparan expostas, nun lugar visible, nas propias instalacións.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

O peche das instalacións por motivos de limpeza, realización de traballos de mantemento e renovación de auga dos vasos, ou calquera outro motivo técnico deberá ser anunciado coa antelación suficiente.

Artigo 9. Normas xerais.

As persoas usuarias das instalacións deberán respectar as seguintes normas xerais:

- Débense respectar en todo momento os espazos reservados aos diferentes usos das instalacións.
- Está prohibido fumar en todos os espazos e recintos.
- Non se poderá acceder ás instalacións con animais agás con cans guía.
- Deberanse empregar as papeleiras e colectores do lixo e manter limpas as instalacións.
- Para facilitar a convivencia de todas as persoas usuarias non se debe correr nin berrar nas zonas compartidas.
- Con carácter xeral as persoas menores de 8 anos deberán estar acompañados por unha persoa adulta durante o uso libre dos vasos das piscinas. As maiores de 8 anos e menores de 16 que saiban nadar poderán entrar sen acompañante cun consentimento por escrito asinado polo pai, nai ou titor ou titora, que quedará depositado na instalación e servirá de autorización permanente.

Artigo 10. Comportamento persoal.

As persoas que utilicen as instalacións deberán amosar un comportamento correcto e respectuoso para co resto das persoas coas que as compartan e cara ás instalacións e os bens que nelas se atoparan, así como manter estas nas axeitadas condicións de limpeza tralo seu uso.

As persoas usuarias están obrigadas a seguir as instrucións das persoas socorristas e/ou monitoras en canto ao uso dos vasos e rúas. As ordes dadas por este persoal serán de inmediato cumprimento.

Artigo 11. Follas de reclamación e buzón de queixas e suxestións.

Nas instalacións das piscinas existirán follas de reclamación a disposición das persoas que as utilicen, segundo o establecido na normativa sobre consumo.

Asemade as instalacións disporán dun buzón onde poder dirixir as súas queixas ou suxestións sobre o funcionamento do servizo, sin perxuízo de que poidan presentalas tamén no Rexistro Xeral do Concello. Para esta finalidade deberase informar ás persoas usuarias, nun lugar visible, da existencia deste buzón e da posibilidade de presentar nel as súas queixas ou suxestións.

Artigo 12. Normas de utilización dos vestiarios.

As persoas usuarias utilizarán os vestiarios de forma que se manteñan en correctas condicións hixiénicas e de conservación e respetarán as seguintes normas:

- Usar chanquetas para se duchar e circular polos vestiarios.
- Está prohibido realizar accións hixiénicas como afeitarse, depilarse ou tingirse dentro dos vestiarios.
- O lixo deberase deixar nos recipientes destinados para estes efectos.
- Os nenos e nenas maiores de 7 anos deberán utilizar unicamente o vestiario que lles corresponda segundo o seu sexo.
- Non está permitido deixar fóra dos armarios utensilios ou prendas das persoas usuarias.
- Os armarios deberán quedar baleiros despois do seu uso e as chaves dos mesmos non poderán saír das instalacións en ningún caso. Os armarios que permanezan pechados ao final de cada xornada serán abertos polo persoal do centro e o seu contido depositado na zona de recepción durante un prazo máximo de 15 días naturais. Transcorrido este prazo, os obxectos non reclamados polos seus propietarios serán entregados á Policía Local que os custodiará, dándolles o destino que proceda segundo a normativa vixente.

- g) Por motivos de seguridade non se permite o uso de aparellos eléctricos que non sexan os da propia instalación.

Artigo 13. Normas de utilización da zona de praia e vaso.

A praia e o vaso son zonas reservadas aos bañistas e para acceder a ela deberanse respectar as seguintes normas:

- a) É obrigado o uso de bañador, gorro e zapatillas de auga.
- b) Os nenos e nenas que usen cueiros, deberán usar cueiros especiais para o baño.
- c) Para evitar riscos sanitarios, está prohibida a entrada daquelas persoas que padezan enfermidades cutáneas ou doutro tipo que pola súa natureza se poidan contaxiar a través da auga.
- d) É obrigado ducharse antes da inmersión na auga dos vasos.
- e) Non está permitido o emprego de colchonetas, frotadores, gafas de cristal ou calquera elemento que a xuízo dos responsables da seguridade do vaso poidan supoñer algún risco para o resto das persoas usuarias.
- f) As persoas usuarias deben respectar a ubicación indicada pola socorrista ou monitora, determinada segundo o seu nivel.
- g) As usuarias que non saiban nadar deberán comunicalo á socorrista cada vez que accedan ás instalacións. De precisar algún elemento para a aprendizaxe da natación deberán solicitalo ao persoal da instalación e devolve-lo unha vez rematada a actividade en bo estado de uso.

Artigo 14. Usos prohibidos na zona de praia e vasos.

Queda prohibido na zona de praia e vasos:

- a) Entrar vestido e con calzado da rúa.
- b) Mascar chicle, comer e beber.
- c) Alborotar ou falar en voz elevada.
- d) Entrar no vaso con maquillaxe, cremas ou apósitos de ningún tipo.
- e) Mexar ou cuspir na piscina.
- f) Saltar á auga de cabeza desde os laterais.
- g) Sentarse nas corticeiras.

Artigo 15. Normas de uso das saunas.

No uso das saunas existentes na piscina cuberta municipal situada no Campo do Souto deberanse respectar as seguintes normas:

- a) Antes de entrar nas cabinas é obrigado ducharse previamente.
- b) Non se permite ás persoas usuarias a manipulación dos sistemas de control da sauna.
- c) É obrigado entrar na cabina con zapatillas de ducha.
- d) É obrigado o uso de bañador e toalla.
- e) Non está permitida a entrada con outro tipo de roupa diferente ao bañador e toalla, así como con xoias, obxectos metálicos, electrónicos ou de vidro.
- f) Non se permite beber ou comer no interior das cabinas.
- g) Non se permite a realización de accións hixiénicas como afeitarse, depilarse ou tinguirse.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

CAPÍTULO IV. INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Artigo 16. Responsabilidade polos danos causados nas instalacións.

A persoa ou persoas responsables dos desperfectos que se poideran causar nas instalacións, no mobiliario ou no material, así como da sustración dalgún destes elementos deberán aboar o importe íntegro dos gastos derivados da súa reparación ou substitución, así como o importe das indemnizacións polos danos e perxuízos causados, sen perxuízo das sancións que se poidan impoñer.

Para os efectos da súa constancia, o persoal ou entidade encargada das instalacións deberá comunicar, coa maior urxencia, á persoa titular da Concellería de Deportes os desperfectos causados ou as sustraccións detectadas, a través do correspondente parte de incidencias no que fará constar cando menos a identificación das persoas presuntamente responsables, lugar, día e hora no que se produciron e unha breve descripción dos desperfectos causados e/ou do material sustraído e de que cómo se desenvolveron os feitos.

Artigo 17. Infraccións leves.

Consideraranse infraccións leves as seguintes condutas:

- A desobediencia das instrucións e advertencias que o persoal das instalacións determine co fin de cumprir este regulamento e as normas sobre utilización das piscinas de uso colectivo e, en especial, os artigos referentes ao comportamento das persoas usuarias e a utilización das instalacións.
- As accións ou omisións contrarias ao establecido no presente regulamento que non foran tipificadas como infraccións graves ou moi graves.

Artigo 18. Infraccións graves.

Consideraranse infraccións graves as seguintes condutas:

- A falta de respecto cara as persoas traballadoras das instalacións ou demais persoas usuarias.
- As accións ou omisións que impliquen deterioro grave ou desperfectos das instalacións ou do equipamento.
- A subtracción de obxectos situados nas instalacións.
- O uso fraudulento de documentos para o acceso ás instalacións ou a cesión destes documentos a terceiras persoas non autorizadas.
- A comisión de dúas infraccións leves no período dun ano impostas por resolución administrativa firme.

Artigo 19. Infraccións moi graves.

Consideraranse infraccións moi graves:

- As accións ou omisións que prexudiquen gravemente ou supoñan riscos para a saúde das persoas usuarias ou traballadoras da instalación.
- As accións ou omisións que impliquen un deterioro moi grave ou irreversible das instalacións ou dos equipamentos.
- A comisión de dúas infraccións graves no período dun ano impostas por resolución administrativa firme.

Artigo 20. Sancións.

Pola comisión das infraccións indicadas imponse as seguintes sancións:

- Infraccións leves: multa de 20,00 euros a 200,00 euros.
- Infraccións graves: multa de 200,01 a 600,00 euros.
- Infraccións moi graves: multa de 600,01 a 3.000 euros e a expulsión das instalacións por un período variable entre un mes e un ano.

Artigo 21. Procedimento sancionador.

As sancións serán impostas polo Alcalde ou órgano no que delegue, de selo caso, previo informe do persoal ou entidade encargado da xestión das instalacións e de acordo ao procedemento recollido no Capítulo II do Título IX da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real decreto 1.398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora, e os criterios recollidos no Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As sancións impostas en cumprimento deste regulamento son independentes das responsabilidades civís, penais ou de calquera orde en que poideran incorrer os ou as autores das infraccións.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente ordenanza, que consta de 21 artigos e unha disposición derradeira, entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Alcalde. Di que en primeiro lugar se presenta unha enmenda cunha serie de modificacións que se comentaron na comisión informativa.

Sr. González Pardal. Pregunta si as persoas que están gravando a sesión teñen permiso para facelo.

Sr. Alcalde. Contesta que non hai ningún motivo para denegalo. Explica que o consultou con asesoría e que privadamente o poden gravar facéndose responsables das gravacións e do seu uso.

Sr. González Pardal. Manifesta públicamente que quere, e solicita que conste en acta, que as súas imaxes as pixelen.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que a gravación non está prevista no Regulamento orgánico municipal e que non ten inconveniente en que se graven pero non "de motu proprio" por parte dun grupo político e pregunta á señora secretaria si se pode facer.

Sra. Secretaria. Explica que hai sentencias recentes, e de feito, hai unha que saíu o ano pasado do Tribunal Supremo, que di que calquera persoa asistente como público pode gravar as sesións porque se entende que é un acto público, de coñecemento público e que polo tanto se pode gravar.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que non ten inconveniente, pero que o máis lóxico sería que o señor Alcalde convocara unha xunta de portavoces para comentar este tema.

Sr. Alcalde. Explica que á Comisión Informativa foi unha moción da señora Rey Pazos para que o Concello comprase cámaras e procedese á gravación de son e imaxe e debateuse na comisión e denegouse, co voto do grupo político do PP en contra e a abstención dos demais, por motivos de gasto público e porque xa había gravación de son e vían innecesaria a gravación de imaxe. Entende que cada un é libre de sacar fotos e gravación de imaxes e facer un uso responsable delas, pero que si os Concelteiros entenden que se debe parar a grabación e debatilo nunha comisión informativa non hai problema e si queren continuar tamén.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que o espírito de consenso é primordial con independencia de que se poida facer ou non e que si ao mellor o video circula pola rede e considera que pode vulnerar algún dos seus dereitos empregará todos os medios legais para recurrilo tanto nos Xulgados ou no Tribunal Constitucional ou no que sexa e reitera que non ten inconveniente algún en que se grave.

Sra. Rey Pazos. Contesta que entón non entende cal é o problema; que Veciños de Padrón xa presentou a moción para que o fixese o Concello. Cando se estudou o tema xa viron que podían facelo eles privadamente, que nin sequera habería que facer esa solicitude, que na sentenza se recoñece o dereito a vir e gravar. Que



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

para o caso de que alguén teña dúbidas co tratamento que se lle dé ao vídeo, aí é onde se pode recorrer á Xustiza. Recórdalle a todos que teñen un carácter público e polo tanto dille ao Sr. González Pardal que non vai a ser pixelada a súa imaxe posto que non é necesario e que saíu fai pouco na prensa e non tivo problema. Engade que non ten inconveniente en pasarlles as sentenzas dos tribunais e da Axencia Española de Protección de Datos onde avogan por este sistema e que de feito se está facendo noutros concellos e que Veciños de Padrón opta sempre pola transparencia e pensan que isto é un paso máis cara a transparencia e pensa que non teñen que ter ningún problema en que a xente saiba o que pasa no Pleno, pensa que é o mellor, e cada un pon os seus argumentos e fala e despois a xente xa xulgará. Reitera que non entende porque hai tanto problema.

Sr. Alcalde. Entende que o tema xa está debatido e ademais non está na orde do día e engade que xa hai gravacións de voz e que se coloca todo no taboleiro de anuncios, é dicir, que o de transparencia non se pode tomar como un reproche, como que non a hai, porque el entende que si a hai.

Continúa co punto da orde do día e seguidamente dá conta da seguinte enmenda ao ditamen da Comisión Informativa C) de data 23 de novembro de 2015 que literalmente di:

<<Vista a proposta do Alcalde do 19 de novembro de 2015, incluída no punto número 2 da orde do día da sesión do Pleno da Corporación Municipal a realizar o 26 de novembro de 2015, e as propostas de rectificación realizadas polos diferentes grupos políticos municipais na sesión da Comisión Informativa C) realizada o 23 de novembro de 2015.


Considerando que o artigo 97.5 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) define a enmenda como "*la propuesta de modificación de un dictamen o proposición presentada por cualquier miembro, mediante escrito presentado al Presidente antes de iniciarse la deliberación del asunto*", definición que se repite no artigo 40.4 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño ao Pleno a aprobación da seguinte enmenda:

Modificar os artigos que se indican a continuación da proposta de Regulamento de uso das piscinas municipais de Padrón que quedarían redactados do seguinte xeito:

"Artigo 13. Normas de utilización da zona de praia e vaso.

A praia e o vaso son zonas reservadas aos bañistas e para acceder a ela deberanse respectar as seguintes normas:

- 
- a) É obrigado o uso de bañador, gorro e zapatillas de auga.
 - b) Os nenos e nenas que usen cueiros, deberán usar cueiros especiais para o baño.
 - c) Para evitar riscos sanitarios, está prohibida a entrada daquelas persoas que padezan enfermidades cutáneas ou doutro tipo que pola súa natureza se poidan contaxiar a través da auga.
 - d) É obrigado ducharse antes da inmersión na auga dos vasos.
 - e) Non está permitido o emprego de colchonetas, frotadores, gafas de cristal ou calquera elemento que a xuízo dos responsables da seguridade do vaso poidan supoñer algún risco para o resto das persoas usuarias.
 - f) As persoas usuarias deben respectar a ubicación indicada pola persoa socorrista ou monitora, determinada segundo o seu nivel.
 - g) As persoas usuarias que non saiban nadar deberán comunicalo á persoa socorrista cada vez que accedan ás instalacións. De precisar algún elemento para a aprendizaxe da natación deberán solicitalo ao persoal da instalación e devolvelo unha vez rematada a actividade en bo estado de uso.

Artigo 14. Usos prohibidos na zona de praia e vasos.

Queda prohibido na zona de praia e vasos:

- a) Entrar vestido e con calzado da rúa.
- b) Mascar chicle, comer e beber.
- c) Alborotar ou falar en voz elevada.
- d) Entrar no vaso con maquillaxe, cremas ou apósitos de ningún tipo.
- e) Realizar calquera tipo de necesidade fisiolóxica na piscina.
- f) Saltar á auga desde os laterais.
- g) Sentarse nas corticeiras.">>

Sr. Alcalde. Explica que a proposta na Comisión Informativa, despois de debatila se fixo fincapé nun par de termos por varios grupos da oposición e por elo preséntase unha emenda no sentido, por exemplo, de onde podía "usuarias" poñer "persoas usuarias" xa que se explicou por secretaría que o de omitir o termo persoa era porque era reiterativo, non por referirse únicamente a mulleres. Engade que van votar primeiro a emenda, antes de votar o regulamento, e pregunta si todos os Concelleiros teñen copia da emenda.

Sr. Rodríguez Carbia. Contesta que el non.

Sr. Alcalde. Explica que a emenda asinoua hoxe e que como estaba o señor. Forján Seoane no Concello xa lle dou unha copia e que cambian os termos que se falon na comisión: onde se recollía que non se podía escupir na piscina cambiouse a expresión por calquera tipo de necesidade fisiolóxica; onde se puña que estaba prohibido saltar de cabeza dende os laterais incluese tamén de bomba ou de calquera maneira dende os laterais.

Non habendo máis intervencións sobre a emenda, o señor Presidente sométea a votación ordinaria, resultando aprobada por unanimidade das Concelleiras e dos Concelleiros (13), polo que o Pleno da Corporación Municipal adopta o seguinte acordo:

Modificar os artigos que se indican a continuación da proposta de Regulamento de uso das piscinas municipais de Padrón que quedarían redactados do seguinte xeito:

"Artigo 13. Normas de utilización da zona de praia e vaso.

A praia e o vaso son zonas reservadas aos bañistas e para acceder a ela deberanse respectar as seguintes normas:

- a) É obrigado o uso de bañador, gorro e zapatillas de auga.
- b) Os nenos e nenas que usen cueiros, deberán usar cueiros especiais para o baño.
- c) Para evitar riscos sanitarios, está prohibida a entrada daquelas persoas que padezan enfermidades cutáneas ou doutro tipo que pola súa natureza se poidan contaxiar a través da auga.
- d) É obrigado ducharse antes da inmersión na auga dos vasos.
- e) Non está permitido o emprego de colchonetas, frotadores, gafas de cristal ou calquera elemento que a xuízo dos responsables da seguridade do vaso poidan supoñer algún risco para o resto das persoas usuarias.
- f) As persoas usuarias deben respectar a ubicación indicada pola persoa socorrista ou monitora, determinada segundo o seu nivel.
- g) As persoas usuarias que non saiban nadar deberán comunicalo á persoa socorrista cada vez que accedan



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ás instalacións. De precisar algún elemento para a aprendizaxe da natación deberán solicitalo ao persoal da instalación e devolvelo unha vez rematada a actividade en bo estado de uso.

Artigo 14. Usos prohibidos na zona de praia e vasos.

Queda prohibido na zona de praia e vasos:

- Entrar vestido e con calzado da rúa.
- Mascar chicle, comer e beber.
- Alborotar ou falar en voz elevada.
- Entrar no vaso con maquillaxe, cremas ou apósitos de ningún tipo.
- Realizar calquera tipo de necesidade fisiolóxica na piscina.
- Saltar á auga desde os laterais.
- Sentarse nas corticeiras."

Aberta a quenda de debate sobre o asunto prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Santaló Ríos. Di que van votar a favor por que é un paso para que se abra a piscina.

Sr. Rodríguez Conde. Di que é un procedemento que se ten que levar adiante para que se abra a piscina dunha vez, cun reglamento consensuado por todos.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto, coa inclusión da enmenda aprobada, a votación ordinaria, resultando aprobado por unanimidade das Concelleiras e dos Concelleiros (13), polo que o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente o Regulamento de uso das piscinas municipais do Concello de Padrón cuxo texto se recolle como anexo a esta proposta.

Segundo. Facer público o presente acordo mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial de Provincia da Coruña e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e abrir un trámite de información ao público e audiencia aos interesados por un prazo de 30 días hábiles, contados desde o de publicación daquel anuncio no BOP, e durante o cal poderán presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Terceiro. No suposto de non presentarse ningunha reclamación ou suxestión entenderase aprobada definitivamente esta ordenanza procedendo entón á publicación do acordo e do texto íntegro da mesma tamén no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

ANEXO

REGULAMENTO DE USO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PADRÓN.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1. Obxecto.

Este Regulamento ten por obxecto ordear o uso e funcionamento das piscinas municipais de titularidade do Concello de Padrón, ben sexan xestionadas por este directamente ou ben indirectamente por calquera das modalidades de xestión de servizos públicos previstas nas normas, e será de aplicación ás actividades que se desenvolvan nestes espazos.

Artigo 2. Calificación xurídica dos bens destinados ao servizo público.

As instalacións obxecto deste regulamento teñen a condición de bens de dominio público, destinados á prestación do servizo público municipal de piscina, de acordo cos artigos 4 do Real decreto 1.372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais e 79.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

Artigo 3. Finalidades do servizo público.

Son finalidades do servizo público que se presta nas piscinas municipais as seguintes:

- e) Promover o acceso das cidadás e dos cidadáns, sen discriminacións ou límites de idade, á práctica de actividades acuáticas, como ocupación saudable do tempo de lecer.
- f) Achegar a actividade acuática aos menores mediante os programas deportivos que se implanten.
- g) Promover cursos de natación entre os diferentes sectores da poboación.
- h) Fomentar e promover o exercicio físico mediante as actividades que se realicen nas instalacións.

Artigo 4. Condicións hixiénico-sanitarias.

As condicións hixiénico-sanitarias das piscinas municipais serán as establecidas no Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas, e no Decreto 103/2005, do 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo, así como por aquelas normas que modifiquen ou substitúan estas e o resto da normativa estatal ou autonómica que lle sexa de aplicación.

CAPÍTULO II. ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.

Artigo 5. Acceso á piscina.

1. As instalacións das piscinas municipais están ao dispor de todos os cidadáns e cidadás do Concello de Padrón que pretendan realizar algunha das actividades deportivas que nelas se poidan practicar, de acordo co previsto neste regulamento.

2. O acceso ás instalacións pódese realizar baixo calquera das seguintes modalidades:

- a) Abonados. Coa condición de abonado pódese ter acceso a todos os espazos de uso común da piscina cuberta municipal e practicar calquera das especialidades deportivas que se desenvolvan no seu interior, sen outra limitación que o tempo que se puidera fixar para actividades concretas.

Poderán ser establecidos diversos tipos de abonos en función de tempo, unidade e extensión familiar, colectivos especiais, etc.

Ademais os abonados terán a posibilidade de ser "cursistas" cun desconto non prezo tal e como se prevé na ordenanza fiscal correspondente.


- b) Abonados de verán. Este tipo de abonados terán acceso ás piscinas municipais descubertas sen limitación de tempo nin de sesións durante o período no que estas piscinas permanezan abertas.
- c) Asistente a cursiños. Teñen esta condición as persoas inscritas nalgún curso ou actividade e unicamente poderán facer uso das instalacións nas que se desenvolva a actividade solicitada e polo tempo de duración desta.
- d) Entradas unitarias. Terán acceso pagando o custo da entrada diaria no momento do acceso. As persoas beneficiarias destas entradas poderán facer uso de todas as zonas de acceso común, sen apoio personalizado de monitor ou monitora especializada e con uso limitado en función da ocupación da instalación en cada momento.

Artigo 6. Exceso de demanda.

Cando a demanda de abonos ou de inscrición en cursos ou actividades supere a capacidade máxima prevista utilizaranse listaxes de espera para cubrir as baixas que se produzan. As posibles vacantes cubriranse por riguroso orde de inscrición na devandita listaxe.

CAPÍTULO III. NORMAS DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS.

Artigo 7. Aceptación das normas.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

O acceso ás instalacións municipais supón a aceptación polas persoas usuarias das normas contidas neste regulamento e no resto da normativa de aplicación.

Artigo 8. Calendario e horario de apertura.

As instalacións das piscinas municipais estarán abertas ao público os días e nos horarios que se aproben polo Concello e que se atoparan expostas, nun lugar visible, nas propias instalacións.

O peche das instalacións por motivos de limpeza, realización de traballos de mantemento e renovación de auga dos vasos, ou calquera outro motivo técnico deberá ser anunciado coa antelación suficiente.

Artigo 9. Normas xerais.

As persoas usuarias das instalacións deberán respectar as seguintes normas xerais:

- Débense respectar en todo momento os espazos reservados aos diferentes usos das instalacións.
- Está prohibido fumar en todos os espazos e recintos.
- Non se poderá acceder ás instalacións con animais agás con cans guía.
- Deberanse empregar as papeleiras e colectores do lixo e manter limpas as instalacións.
- Para facilitar a convivencia de todas as persoas usuarias non se debe correr nin berrar nas zonas compartidas.
- Con carácter xeral as persoas menores de 8 anos deberán estar acompañados por unha persoa adulta durante o uso libre dos vasos das piscinas. As maiores de 8 anos e menores de 16 que saiban nadar poderán entrar sen acompañante cun consentimento por escrito asinado polo pai, nai ou titor ou titora, que quedará depositado na instalación e servirá de autorización permanente.

Artigo 10. Comportamento persoal.

As persoas que utilicen as instalacións deberán amosar un comportamento correcto e respectuoso para co resto das persoas coas que as compartan e cara ás instalacións e os bens que nelas se atoparan, así como manter estas nas axeitadas condicións de limpeza tralo seu uso.

As persoas usuarias están obrigadas a seguir as instrucións das persoas socorristas e/ou monitoras en canto ao uso dos vasos e rúas. As ordes dadas por este persoal serán de inmediato cumprimento.

Artigo 11. Follas de reclamación e buzón de queixas e suxestións.

Nas instalacións das piscinas existirán follas de reclamación a disposición das persoas que as utilicen, segundo o establecido na normativa sobre consumo.

Asemade as instalacións disporán dun buzón onde poder dirixir as súas queixas ou suxestións sobre o funcionamento do servizo, sin perxuízo de que poidan presentalas tamén no Rexistro Xeral do Concello. Para esta finalidade deberase informar ás persoas usuarias, nun lugar visible, da existencia deste buzón e da posibilidade de presentar nel as súas queixas ou suxestións.

Artigo 12. Normas de utilización dos vestiarios.

As persoas usuarias utilizarán os vestiarios de forma que se manteñan en correctas condicións hixiénicas e de conservación e respetarán as seguintes normas:

- Usar chanquetas para se duchar e circular polos vestiarios.
- Está prohibido realizar accións hixiénicas como afeitarse, depilarse ou tingirse dentro dos vestiarios.
- O lixo deberase deixar nos recipientes destinados para estes efectos.
- Os nenos e nenas maiores de 7 anos deberán utilizar unicamente o vestiario que lles corresponda segundo o seu sexo.

- e) Non está permitido deixar fóra dos armarios utensilios ou prendas das persoas usuarias.
- f) Os armarios deberán quedar baleiros despois do seu uso e as chaves dos mesmos non poderán saír das instalacións en ningún caso. Os armarios que permanezan pechados ao final de cada xornada serán abertos polo persoal do centro e o seu contido depositado na zona de recepción durante un prazo máximo de 15 días naturais. Transcorrido este prazo, os obxectos non reclamados polos seus propietarios serán entregados á Policía Local que os custodiará, dándolles o destino que proceda segundo a normativa vixente.
- g) Por motivos de seguridade non se permite o uso de aparellos eléctricos que non sexan os da propia instalación.

Artigo 13. Normas de utilización da zona de praia e vaso.

A praia e o vaso son zonas reservadas aos bañistas e para acceder a ela deberanse respectar as seguintes normas:

- a) É obrigado o uso de bañador, gorro e zapatillas de auga.
- b) Os nenos e nenas que usen cueiros, deberán usar cueiros especiais para o baño.
- c) Para evitar riscos sanitarios, está prohibida a entrada daquelas persoas que padezan enfermidades cutáneas ou doutro tipo que pola súa natureza se poidan contaxiar a través da auga.
- d) É obrigado ducharse antes da inmersión na auga dos vasos.
- e) Non está permitido o emprego de colchonetas, frotadores, gafas de cristal ou calquera elemento que a xuízo dos responsables da seguridade do vaso poidan supoñer algún risco para o resto das persoas usuarias.
- f) As persoas usuarias deben respectar a ubicación indicada pola persoa socorrista ou monitora, determinada segundo o seu nivel.
- g) As persoas usuarias que non saiban nadar deberán comunicalo á persoa socorrista cada vez que accedan ás instalacións. De precisar algún elemento para a aprendizaxe da natación deberán solicitalo ao persoal da instalación e devolvelo unha vez rematada a actividade en bo estado de uso.

Artigo 14. Usos prohibidos na zona de praia e vasos.

Queda prohibido na zona de praia e vasos:

- a) Entrar vestido e con calzado da rúa.
- b) Mascar chicle, comer e beber.
- c) Alborotar ou falar en voz elevada.
- d) Entrar no vaso con maquillaxe, cremas ou apósitos de ningún tipo.
- e) Realizar calquera tipo de necesidade fisiolóxica na piscina.
- f) Saltar á auga desde os laterais.
- g) Sentarse nas corticeiras.

Artigo 15. Normas de uso das saunas.

No uso das saunas existentes na piscina cuberta municipal situada no Campo do Souto deberanse respectar as seguintes normas:

- a) Antes de entrar nas cabinas é obrigado ducharse previamente.
- b) Non se permite ás persoas usuarias a manipulación dos sistemas de control da sauna.
- c) É obrigado entrar na cabina con zapatillas de ducha.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

- d) É obrigado o uso de bañador e toalla.
- e) Non está permitida a entrada con outro tipo de roupa diferente ao bañador e toalla, así como con xoias, obxectos metálicos, electrónicos ou de vidro.
- f) Non se permite beber ou comer no interior das cabinas.
- g) Non se permite a realización de accións hixiénicas como afeitarse, depilarse ou tinguirse.

CAPÍTULO IV. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Artigo 16. Responsabilidade polos danos causados nas instalacións.

A persoa ou persoas responsables dos desperfectos que se poideran causar nas instalacións, no mobiliario ou no material, así como da sustracción dalgún destes elementos deberán aboar o importe íntegro dos gastos derivados da súa reparación ou substitución, así como o importe das indemnizacións polos danos e perxuízos causados, sen perxuízo das sancións que se poidan impoñer.

Para os efectos da súa constancia, o persoal ou entidade encargada das instalacións deberá comunicar, coa maior urxencia, á persoa titular da Concellería de Deportes os desperfectos causados ou as sustraccións detectadas, a través do correspondente parte de incidencias no que fará constar cando menos a identificación das persoas presuntamente responsables, lugar, día e hora no que se produciron e unha breve descripción dos desperfectos causados e/ou do material sustraído e de que cómo se desenvolveron os feitos.

Artigo 17. Infraccións leves.

Consideraranse infraccións leves as seguintes condutas:

- a) A desobediencia das instrucións e advertencias que o persoal das instalacións determine co fin de cumprir este regulamento e as normas sobre utilización das piscinas de uso colectivo e, en especial, os artigos referentes ao comportamento das persoas usuarias e a utilización das instalacións.
- b) As accións ou omisións contrarias ao establecido no presente regulamento que non foran tipificadas como infraccións graves ou moi graves.

Artigo 18. Infraccións graves.

Consideraranse infraccións graves as seguintes condutas:

- a) A falta de respecto cara as persoas traballadoras das instalacións ou demais persoas usuarias.
- b) As accións ou omisións que impliquen deterioro grave ou desperfectos das instalacións ou do equipamento.
- c) A subtracción de obxectos situados nas instalacións.
- d) O uso fraudulento de documentos para o acceso ás instalacións ou a cesión destes documentos a terceiras persoas non autorizadas.
- e) A comisión de dúas infraccións leves no período dun ano impostas por resolución administrativa firme.

Artigo 19. Infraccións moi graves.

Consideraranse infraccións moi graves:

- a) As accións ou omisións que prexudiquen gravemente ou supoñan riscos para a saúde das persoas usuarias ou traballadoras da instalación.
- b) As accións ou omisións que impliquen un deterioro moi grave ou irreversible das instalacións ou dos equipamentos.
- c) A comisión de dúas infraccións graves no período dun ano impostas por resolución administrativa firme.

Artigo 20. Sancións.

Pola comisión das infraccións indicadas imporanse as seguintes sancións:

- a) Infraccións leves: multa de 20,00 euros a 200,00 euros.
- b) Infraccións graves: multa de 200,01 a 600,00 euros.
- c) Infraccións moi graves: multa de 600,01 a 3.000 euros e a expulsión das instalacións por un período variable entre un mes e un ano.

Artigo 21. Procedimento sancionador.

As sancións serán impostas polo Alcalde ou órgano no que delegue, de selo caso, previo informe do persoal ou entidade encargado da xestión das instalacións e de acordo ao procedemento recollido no Capítulo II do Título IX da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real decreto 1.398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora, e os criterios recollidos no Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As sancións impostas en cumprimento deste regulamento son independentes das responsabilidades civís, penais ou de calquera orde en que poideran incurrir os ou as autores das infraccións.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente ordenanza, que consta de 21 artigos e unha disposición derradeira, entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.>>

3.- MOCIÓN DA CIPA REITERANDO E INSTANDO O CUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO ADOPTADO NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 26 DE XUÑO DE 2014 TRALA MOCIÓN PRESENTADA POR CIPA SOBRE REDACCIÓN DE ORDENANZA PARA REGULAR AS ACTUACIÓNS SOBRE AS LIÑAS AÉREAS DE BAIXA, MEDIA E ALTA TENSIÓN QUE HIPOTECAN O CRECEMENTO URBANÍSTICO DO CASCO URBANO DE PADRÓN.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 23 de novembro de 2015, que di:


<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión plenaria ordinaria celebrada pola Corporación municipal en data 26 de xuño de 2014, no punto número 14 da orde do día, presentabamos moción que se aprobou por unanimidade dos grupos políticos que na lexislatura 2011/15 integrabámola corporación: PP, PSOE, PGD, BNG, CIDEGA e CIPA., acordo que se incumpriu polo goberno do PP, sen que dende á data da moción se fixera nada para cumprilos puntos do acordo de Resolución, debido a ese incumprimento plenario reiteramos exposición de motivos e instamos ao adopción das medidas que se relacionaban na moción e que reproducimos de seguido engadindo cumprimento plenario, acompañase copia do punto da acta da citada moción e plano onde se sinalan as liñas aéreas de alta e media tensión que atravesan e hipotecan o crecemento urbanístico dos terreos catalogados como urbanos e que constitúen a maior zona de expansión do casco urbano:

Por enriba de terreos de urbana e urbanizables do PXOU de Padrón, existen 25.000 m2 de afección das seguintes liñas aéreas: Liña alta tensión 66 Kv Padrón-Finsa I DC/SC, liña alta tensión 66 Kv Padrón-Tambre DC, liña alta tensión de 66 Kv Padrón-Tibo DC. Liña media tensión casco urbano de Padrón.

Dende o ano 2005 todas as actuacións de reposición ou substitución de cableados eléctricos aéreos quedaron en suspenso por acordos municipais.

Existen nas dependencias municipais diversos orzamentos para proceder ao soterramento das liñas eléctricas a fin de evitar a hipoteca que pende sobre a case totalidade dos terreos de urbana e urbanizables entre a canle



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

de derivación do río Sar e a N-500 dende o nó da autopista da vía rápida ata a subestación de Fenosa.

Anualmente, a Consellería de Industria da Xunta de Galicia, ten establecido un programa, financiado con fondos Feder europeos para axudar ao soterramento das liñas de alta e media tensión, sen que nos conste que por parte do goberno local se solicitaran subvencións para tal fin.

O 11 de agosto de 2009, o goberno do que formabamos parte, publicou no DOG anuncio de licitación da revisión do PXOM do concello de Padrón por un orzamento total de 169,164 €, este plan substituirá ao plan vixente de 1994. Mentres non estea aprobado definitivamente, con carácter transitorio, propónse un modelo de aberto de ordenanza municipal que regule as actuacións de reposición, conservación e mantemento das redes tendo en conta a ordenación do territorio para permitir un desenvolvemento urbanístico axeitado que repercuta positivamente sobre a paisaxe urbana e rústica do termo municipal.

A imaxe do cableado eléctrico sobre os terreos de urbana proxecta unha imaxe terceiromundista que hipoteca o desenvolvemento urbanístico e supón un risco para a seguridade das persoas e a saúde dos/as veciños/as polo efecto negativo que teñen as ondas electromagnéticas.

Dentro das responsabilidades que deben asumir a Administracións Local está o velar pola seguridade dos seus veciños, pola saúde e por unha mellor calidade do entorno, do medio ambiente, do ambiente urbano e da estética do municipio.

Segundo o Tratado da Unión Europea, os gobernos teñen o deber de tomar accións preventivas en orde a impedilo dano antes de que se estableza a evidencia científica.

Destaca neste orde a Recomendación do Consello de 12 de xullo de 1999, que reclama a protección certa da saúde dos cidadáns que residen ou se sitúan nas proximidades dos campos electromagnéticos.

Para iso a Comunidade Europea está desenvolvendo accións en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico a través de PROGRAMAS MARCO, que contemplan o estudo sobre os efectos que ten para a saúde das persoas a exposición aos campos electromagnéticos.

O artigo 48 da lei 9/2002, de 31 de decembro de ordenación urbanística de Galicia regula as normas de aplicación directa di que "o planeamento xeral poderá prohibir os tendidos aéreos e prever o soterramento dos existentes. En todo caso, deberán soterrarse as redes de servizos das novas urbanizacións".

Debido a carencia de regulamentación no planeamento en vigor e na normativa municipal propónse a pleno os seguintes acordos de resolución, así como un modelo aberto de ordenanza para que se introduzan suxestións, engadidos ou modificacións que se consideren oportunas co obxectivo de evitar as malas prácticas da empresa Fenosa que na maioría das veces, sen licenza urbanística, procede a facer reparacións ou reposicións no tendido eléctrico aéreo sobre os terreos de urbana.

Modelo de ordenanza

1º.- Obxecto

O obxecto desta ordenanza é regular as condicións ás que se someterán as reparacións, reposicións e instalacións eléctricas de alta, media e baixa tensión en todo o termo municipal para que se produza menor ocupación do espazo, menor impacto visual e medioambiental, así como preservar o dereito dos cidadáns a manter unhas condicións de vida sen o perigo que supón a exposición aos campos electromagnéticos.

2º.- Ámbito de aplicación.

Inclúense no ámbito de aplicación desta ordenanza as infraestruturas dos tendidos eléctricos aéreos que se atopan situados en todo o termo municipal de Padrón, redes de liñas de baixa, media e alta tensión e infraestruturas eléctricas de acordo co artigo 5 do Real Decreto 1995/2000, de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedemento de

autorización de instalacións de enerxía eléctrica, en canto á descrición de actividade de transporte, rede de transporte e xestor da rede.

3º.- Limitacións de Instalación.

1.- Salubridade

As instalacións e o funcionamento das infraestruturas eléctricas deberán de observar con rigor a normativa vixente en materia de exposición humana aos campos electromagnéticos, en especial a establecida no Real Decreto 1066/2011, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece entre outras, medidas de protección sanitaria, fronte a emisións electromagnéticas.

Nas instalacións de redes eléctricas adoptaranse as medidas necesarias pra garantir as debidas condicións de seguridade e a máxima protección á saúde das persoas. En particular, estas medidas extremarán sobre espazos sensibles tales como centros educativos, centros de saúde, parques públicos, e zonas urbanas e urbanizables ou todas aquelas outras que se consideren oportunas polo propio concello.

2.- Urbanísticas

a.- Con carácter xeral, prohibese a instalación na fachada e sobre cuberta dos edificios das infraestruturas eléctricas incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza, ao obxecto de reducir o impacto visual sobre a vía pública.

b.- Sen prexuízo da normativa específica, non poderán establecerse instalacións eléctricas nos bens inmobles de interese cultural declarados monumentos na normativa autonómica de Patrimonio.

c.- Como regra xeral, para o solo urbano, urbanizable e non urbanizable, establece que as normas de instalacións de infraestruturas eléctricas de baixa, media e alta tensión, así como as que se modifiquen despois da entrada en vigor da presente ordenanza, deberán facerse soterradas.

d.- As instalacións deberán adaptarse inescusablemente ao plan de ordenación vixente e ás recomendacións establecidas polos Servizos Técnicos municipais de acordo á normativa en vigor.

e.- Non se admitirá o levantamento aéreo de liñas eléctricas aéreas de alta, media ou baixa tensión, así como de comunicacións ou de calquera outro servizo. Estas deberán disporse baixo canalización soterrada entubada e rexistrable que permita a substitución dos condutores, en caso necesario, sen rompelo pavimento.

f.- As liñas aéreas existentes con anterioridade á designación como solo urbano, urbanizable ou non urbanizable ou as que se levantaran con carácter provisional, deberán incluírse no correspondente proxecto de urbanización, cambiando o seu trazado actual a canalización soterrada sen permitirse realizar labores de reposición ou substitución nos tendidos aéreos existentes para así impulsar e garantir o soterrado.

g.- Na ampliación, modificación ou modernización de instalacións de distribución pública existentes non se admitirán trazados aéreos ou pegados ás fachadas debendo disporse as correspondentes canalizacións soterradas entubadas e rexistrables que conecten co interior dos edificios.

h.- No caso de que se efectúen novas construcións, ou na restauración de edificios existentes, deberán preverse canalizacións soterradas nas beiravías ou no frontal das fachadas que permitan o paso de circuitos das diferentes instalacións.

i.- Cando as canalizacións eléctricas se crucen con outras de gas, auga, etc, a distancia entre os puntos máis próximos de unhas e outra non será inferior a 0,20 m, e si, por impedilo algún obstáculo, debера de reducirse nalgunhas zonas, deberán separarse estas mediante tabiques de fábrica ou outro material illante.

k.- As empresas concesionarias estarán obrigadas a cambialo emprazamento dos cables, segundo instrucións dos servizos técnicos municipais e sen dereito a reclamación nin indemnización, cando fora preciso por razóns de urbanización, construción de galerías de servizos ou establecemento de servizos públicos.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

I.- Non se poderá situar ningún poste, salvo autorización especial municipal, nas calzadas e beiravías, nin suxeitar cables eléctricos aos árbores.

Casco vello

En xeral evítanse os módulos de contadores nas fachadas dos edificios situados nesta zona particularmente nos edificios catalogados e si, excepcionalmente, tiveran que colocarse, porque non fora posible dispor outra solución, aloxaranse en fornelas nas fachadas con porta exterior, de características construtivas que afecten na menor medida posible á composición arquitectónica. Actuarase de semellante xeito para as caixas xerais de protección.

Disposición derradeira

No que non se prevea nesta ordenanza, estarase ao disposto na normativa Europea, Estatal, Autonómica e no Planeamento municipal vixente sobre a materia.

Por todo isto **PROPOÑEMOS** o seguinte **ACORDO DE RESOLUCIÓN**:

- a) Estudo, ampliación, modificación, ou aprobación deste texto de ordenanza para regular as actuacións sobre as liñas de baixa, media e alta tensión.
- b) Posta en vigor da nova ordenanza, incorporándoa posteriormente ao planeamento municipal en proceso de redacción.
- c) Paralizar preventivamente, mentres non estea a ordenanza en vigor, calquera reforma de ampliación, e substitución nos cableados aéreos de alta e media tensión sobre os terreos cualificados com urbanos ou urbanizables.
- d) Compromiso de solicitude de axudas económicas Feder-Xunta de Galicia para soterramento das liñas de baixa, alta e media tensión e rematar dunha vez por todas coa hipoteca dos cableados aéreos sobre os terreos de urbana e urbanizables do termo municipal.

Cumprimento do acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada pola corporación endata 26 de xuño de 2014.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Procede á lectura da exposición de motivos e da proposta de acordo da moción presentada polo seu grupo e engade que mentras non se soterran as liñas o solo cualificado no planeamento como urbano ou urbanizable non adquirirá esa condición a pesares de que os contribuintes están a pagar o Imposto de bens inmobles por uns terreos hipotecados, pago que xera ingresos que van parar ás arcas municipais e que contribúen á sostibilidade económica municipal. Pregunta quen pode propor o soterramento das liñas e di que a empresa, neste caso Unión Fenosa, non o vai facer por razóns obvias, aos propietarios particulares resúltalle inviable economicamente, salvo raras excepcións, polo que se fai imprescindible e necesario que o concello acuda ás fontes de financiación a través de axudas económicas que se contemplan nos plans anuais da Consellería de Industria da Xunta de Galicia, a través de fondos FEDER e mediante convenios financiar o soterrado en diferentes fases.

Que, en relación á mala práctica de Fenosa de actuar sen licenza urbanística, son proba delo as numerosas denuncias que o seu grupo político presentou por rexistro no Concello, instando e solicitando a paralización de diversas actuacións sobre estos tendidos eléctricos que non constaba que tivesen licenza municipal. Que incluso en pasadas lexislaturas chegouse á paralización porque había unha empresa subcontratada de Portugal que viña os sábados e os domingos a reemplazar as liñas de alta, media e baixa tensión sen licenza municipal, e ao luns seguinte aparecían os tendidos cambiados. Que a última vez foi a liña que ven desde Finsa polo paseo fluvial do Río Sar; a outra vez pasou pola marxe esquerda do río Sar á altura do Bordel; outra na zona de Frades, que viñeron os veciños a falar co Sr. Alcalde, porque metéranse nunha finca particular sen permiso e

incluso cambiaron o apoio dunha columna, sin ter licenza municipal. Por todo isto propoñen o acordo anterior

Sr. Alcalde. Di que tanto no punto a, b, d e e están de acordo, pero que no debate do punto do 26 de xuño de 2014 saíu este mesmo tema e retirárase parte da proposta. Dille que no punto c. pon "*paralizar preventivamente, mentres non estea a ordenanza en vigor, calquera reforma de ampliación, e substitución nos cableados aéreos de alta e media tensión sobre os terreos cualificados como urbanos ou urbanizables*". Explicálle que cando alguén solicita licenza, cando os informes xurídicos son favorables, están obrigados a concedela, senón sería un acto de prevaricación.

Sr. Rodríguez Carbia. Replica que a Lei do Solo prevé que todos os cableados eléctricos en terreos urbanos e urbanizables deben facerse soterrados. Que é cuestión de negociar, de falar e de buscar fontes de financiación. Que si é un impedimento para que se poida aprobar a moción, introduce unha enmenda oralmente para o apartado c) e co compromiso de que cada vez que se lle conceda, posto que non se pode denegar licenza porque incorrería en responsabilidade de tipo legal, intentar negociar coa empresa a posibilidade de soterramento do cableado antes de que se perpetúe o que se chama a hipoteca dos terreos urbanos.

Sr. Fernández Angueira. Di que están de acordo coa emenda. Pregunta á señora secretaria si poden votar a emenda.

Sra. Secretaria. Contesta que as enmendas se teñen que presentar por escrito.

Sr. Alcalde. Di que o compromiso podería ser verbal e que se podería retirar o punto c. da moción.

Sra. Secretaria. Contesta que as propostas se votan tal cal están redactadas.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que si lle pasan un folio que introduce neste mesmo momento a emenda por escrito. Lee a enmenda: "Eloy Rodríguez Cabia concelleiro de CIPa, presenta emenda ao apartado c) da moción, sobre o retirado das liñas eléctricas e propoñe a supresión do citado punto".

Sr. Alcalde. Preguntalle á señora Secretaria si con que o lea el é suficiente.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a emenda a votación ordinaria, resultando aprobada por unanimidade das Concelleiras e dos Concelleiros (13), polo que o Pleno da Corporación Municipal adopta o seguinte acordo:

Suprimir o apartado c) da Moción presentada o 21 de outubro de 2015 por CIPa reiterando e instando o cumprimento do acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 26 de xuño de 2014 trala moción presentada por CIPa sobre redacción de ordenanza para regular as actuacións sobre as liñas aéreas de baixa, media e alta tensión que hipotecan o crecemento urbanístico do casco urbano de Padrón.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto, coa inclusión da enmenda aprobada, a votación ordinaria, resultando aprobado por unanimidade das Concelleiras e dos Concelleiros (13), polo que o Pleno da Corporación Municipal adopta o seguinte acordo:

- a. Estudo, ampliación, modificación ou aprobación deste texto de ordenanza para regular as actuacións sobre as liñas de baixa, media e alta tensión.
- b. Posta en vigor da nova ordenanza, incorporándoa posteriormente ao planeamento municipal en proceso de redacción .
- c. Compromiso de solicitude de axudas económicas Feder- Xunta de Galicia para soterramento das liñas de baixa, alta e media tensión e rematar dunha vez por todas coa hipoteca dos cableados aéreos sobre os terreos de urbana e urbanizables do termo municipal.
- d. Cumprimento do acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada pola corporación en data 26



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

xuño de 2014.

4.- MOCIÓN DA CIPa PARA REQUEIR Á XUNTA DE GALICIA O CUMPRIMENTO DO COMPROMISO DE CONSTRUCCIÓN DUN CINTURÓN NORTE-SUR EN PADRÓN PARA SOLUCIONAR AS DEFICIENCIAS DA REDE DE ABASTECIMENTO.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 23 de novembro de 2015, que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados de agosto de 2010 a Consellería de Medio Ambiente anunciaba nos diferentes medios de comunicación, e reproduzo textualmente; que investiría 15,3 millóns de euros en melloral a captación de auga no río Ulla e cubrir o abastecemento nas comarcas do Sar, Barbanza e Ullán. Un estudio realizado polo departamento autonómico revelaba carencias no abastecemento, un déficit que a Consellería previa ter cuberto no 2025.

As actuacións previstas consistían na ampliación da estación de auga potable de Padrón, ubicada no Casal, en Carcacia que vería incrementada a súa capacidade en 300 litros por segundo, ademais, instalaríanse depósitos en Pontecesures, Boiro e Escarabote para reforzar as actuais redes de abastecemento.

A Xunta a través de Augas de Galicia tamén contemplaba a construción dun cinturón norte-sur en Padrón, de 5.000 metros de lonxitude, ao obxecto de solucionar as deficiencias da rede de abastecemento debido a que os diámetros actuais resultan insuficientes.

O obxectivo destas actuacións, incluída no Plan Auga, é garantir o subministro de auga en calidade e cantidade adecuada a todos os núcleos de poboación fixa superior aos 50 habitantes antes de 2025, atendendo a un uso racional e sostible.

As actuacións nesta rede de captación de auga do río Ulla beneficiarían a un total de 113.971 habitantes, os localizados nos municipios de Padrón, Dodro, Pontecesures, Valga, Catoira, Ribeira, Boiro e A Pobra.

Ao non ter coñecemento de que este proxecto se realizara e tamén descoñecemos os motivos da non execución. Considerando que esta actuación si tería incidencia na mellora do subministro ao casco urbano de Padrón ao contemplar a construción dun cinturón norte-sur e solucionar as deficiencias da rede de abastecemento debido a que os diámetros actuais resultan insuficientes como anteriormente manifestei.

A maiores suporía substituír 1.390 m de tubaxe de fibro cemento (amiante) dos 3.815,41 que existen actualmente no casco urbano.

Calquera dos dous motivos son razóns máis que suficientes para instar da Xunta de Galicia que cumpra co compromiso de execución da actuación por importe de 15,3 millóns de euros para que non se quede toda nunha declaración de intencións e posturo político de sacala foto correspondente na estación potabilizadora do Casal vendendo de botes de fume como acontece na maioría das veces e da que conservamos testemuña gráfica a través dos medios de comunicación por que senón ata serían capaces de manifestar que non era certo.

é polo que PROPOÑEMOS o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN:

Procédase a adoptar acordo plenario no que se aprobe requirir da Xunta de Galicia o cumprimento do compromiso de construción dun cinturón norte-sur en Padrón, de 5.000 metros de lonxitude, ao obxecto de solucionar as deficiencias da rede de abastecemento debido a que os diámetros actuais resultan insuficientes e as tubaxes actuais son de fibro cemento (amiante)>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Procede á lectura da moción presentada polo seu grupo político e engade que un exemplo de que os diámetros das redes actuais son insuficientes é que esta semana houbo unha rotura na tubaxe xeral porque pola mañá a maior parte da vila estaba sen auga a primeira da mañá porque as tubaxes son de fibrocemento e non aguantan porque teñen a vida útil esgotada e cun pouco de presión rompen por todos os lados.

Sr. Alcalde. Di que están de acordo pero que non son 15.300.000 € senón 15.251.406 € e que está colgado na páxina web de Augas de Galicia. Que está para levar a cabo antes do 2025 e que son os primeiros interesados en levalo a cabo canto antes. Comenta que hai un informe de 46 páxinas na páxina de Augas de Galicia e lee parte deste informe: "la actual capa de almacenamiento de Padrón es de 4.644 m3 mientras que la capacidad necesaria para futuro sería de 45 litros por segundo por 24 horas por 1.3, es decir 5.045 m3. La diferencia se absorbe con el depósito de cabecera por tanto, como fué comentado, se propone construir un cinturón norte-sur, ambos con tubería de diámetro de 200 y con una longitud aproximada de 5 kilómetros".

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que forma parte do Plan Hidrolóxico e que esta actuación é unha separata do Plan. Que hai actuacións prioritarias dentro dese Plan e que esta é a primeira actuación prioritaria dentro dese Plan, co cal xa debería estar executándose e polo tanto é simplemente un recordatorio para que non se paralice ese proceso.

Sr. Alcalde. Di que concretamente para bombeos hai 474.493 €, para depósitos 604.825, para a ETAP 2.769.756 e para conduccións 11.402.332. Reitera que están de acordo.

Sr. Forján Seoane. Di que a parte da paralización desa actuación, o Concello de Padrón foi castigado no seu momento polo goberno do PP do señor Feijóo ca supresión de dous proxectos de 200.000 € cada un para saneamento e que polo tanto sería interesante que o grupo de goberno intentara recuperar o financiamento deses proxectos.

Sr. Alcalde. Entende que o señor Forján Seoane está falando do tema do alcantarillado da Ponte, Paraíso, Pombal e outros e comenta que na primeira semana de tomar posesión como Conselleira Beatriz Mato, reuniuse con ela para impulsar eses proxectos.

Sr. Forján Seoane. Lembra que tamén o Partido Socialista no Parlamento presentou dúas preguntas sobre estes proxectos para saber si se van executar.

Sr. Alcalde. Espera que, entre todos, a ver si se saca adiante.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado por unanimidade das Concelleiras e dos Concelleiros (13), polo que o Pleno da Corporación Municipal adopta o seguinte acordo:

Requirir da Xunta de Galicia o cumprimento do compromiso de construción dun cinturón norte-sur en Padrón, de 5.000 metros de lonxitude, ao obxecto de solucionar as deficiencias da rede de abastecemento debido a que os diámetros actuais resultan insuficientes e as tubaxes actuais son de fibrocemento (amianto).

5.- MOCIÓN DA CIPa PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA PARA QUE PROCEDA AO RECOÑECEMENTO OFICIAL DO CAMIÑO XACOBEO DE PADRÓN.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa B) de data 23 de novembro de 2015, que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A nosa vila ten un dos piares da súa importancia histórica no fito xacobeo, a súa intrahistoria rezuma xacobismo nos seus lugares e monumentos, somos punto central nos camiños de peregrinaxe. Pero para seguir a manter o peso da tradición faise imprescindible por en valor e uso este legado que debe ir acompañado dun plan



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

director de conservación, mantemento, recuperación, restauración, divulgación patrimonial daqueles lugares e monumentos relacionados coa tradición xacobeá e de recoñecemento da importancia padronesa nas peregrinacións cara o lugar onde a lenda sitúa a chegada do corpo do fillo de Zebedeo.

O camiño que parte ou chega a Padrón, percorrendo de norte a sur e de sur a norte está necesitado dun recoñecemento oficial por parte da Xunta de Galicia para reparar unha afronta que a Administración ten coa dignidade histórica da nosa Vila e que no pode permanecer moito máis no completo ostracismo.

Pero o concello ten o deber e a obriga de contribuír a colaborar en manter e conservar o camiño en todo o termo municipal en perfecto estado de revista, correctamente sinalado e contribuíndo a preservar o entorno polo que discorre nas mellores condicións etnográficas, medioambientais e patrimoniais para que os peregrinos que cheguen ou partan da nosa Vila leven a mensaxe dunha vila que é celosa depositaria e gardana das súas raíces históricas e do seu entorno.

Debese facilitar a máxima dispoñibilidade e información posible sobre aqueles lugares que teñen unha significación especial na tradición xacobeá, Igrexa de Santiago de Padrón, Pedrón, Fonte do Carme, Santiaguíño do Monte e Igrexa de Iria.

Debese manter o entorno dos monumentos nas mellores condicións posibles de conservación e respecto medioambiental, patrimonial e etnográfico.

Debe coidarse o camiño en toda a lonxitude do termo municipal, sinalizándoo convenientemente.

E polo que **PROPOÑEMOS** os seguintes **ACORDOS DE RESOLUCIÓN**:

a. Que o pleno da corporación inste a Xunta de Galicia, sen máis demora, para que proceda ao recoñecemento oficial do camiño xacobeo a Padrón.

b. Adoptar compromiso plenario de manter, no que se refire as competencias municipais, o camiño en toda a súa extensión polo termo municipal en perfectas condicións de conservación, respecto medioambiental, patrimonial e etnográfico e de informar, solicitar e reclamar da Xunta de Galicia, chegado o caso, que execute tamén as súas competencias.

c. Adoptar acordo de manter o entorno dos monumentos xacobeos en perfectas condicións de conservación, ornato, respecto medioambiental, patrimonial e etnográfico durante todo o ano.

d. Adoptar acordo de establecer no período abril-outubro un punto de información na casa do ermitán do Santiaguíño do Monte ao ser moitos os peregrinos que acoden a este santuario xacobeo sen que teñan posibilidade de coñecer máis polo miúdo a importancia do lugar (este punto de información manterase operativo por voluntari@s, persoal subvencionado pola Xunta ou polo concello) e co compromiso de manter aberta a ermida para a súa visita.

e. Adoptar acordo de solicitar e xestionar coa igrexa un punto de información permanente na Igrexa de Santiago de Padrón en colaboración co propia igrexa para visitalo Pedrón e outros elementos xacobeos do templo, (este punto de información manterase operativo por voluntari@s, persoal subvencionado pola Xunta, polo concello ou pola propia igrexa).

f. Adoptar acordo de solicitar e xestionar coa Igrexa un punto de información permanente na Igrexa de Santa María de Iria, un dos templos marianos máis importantes da tradición xacobeá que se reflicte no escudo da parroquia e no camarín do seu retablo central, (este punto de información manterase operativo por voluntari@s, persoal subvencionado pola Xunta, polo concello ou pola propia igrexa).>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Procede á lectura da moción presentada polo seu grupo político e engade que, sen ir máis lonxe, a entrada do Camiño en Padrón, na zona do Bordel, presenta un aspecto calamitoso porque está

chea de silveiras por todos os lados e non dá testemuña de que sexa unha vila de raizame histórica como é, e que é competencia municipal instar aos propietarios das fincas colindantes ao Camiño para que as manteñan en perfecto estado de revista e de conservación e que o mesmo pasa pola beira do río Sar, no traxecto dende A Ponte ata o Espolón, no que hai unha parte que se limpa con frecuencia, pero que se debe manter en perfecto estado de conservación posto que é a entrada sur á vila de Padrón e que o outro punto "negro" é dende detrás do Campo da Feira ata a Praza de Abastos debido aos residuos de plástico do mercado dominical que ven os centos e milleiros de peregrinos que pasan ou que veñen visitar a vila e que tamén pasa nalgúns tramos do Camiño en Santa María de Cruces. Di que son cousas que, sen moita financiación, pódense solventar e dar unha imaxe da vila mellor e que se debe ser máis coidadoso e ter o Camiño en perfecto estado de revista e nas mellores condicións medioambientais posibles.

En relación á Caso do Ermitán do Santiaguíño do Monte comenta que, cando no ano 2008 el era responsable da Concellería de Cultura, conseguiu unha subvención para rehabilitar a Casa do Ermitán rehabilitando o pórtico e todo conxunto do Santiaguíño do Monte. Que a intención era que esa Casa do Ermitán, que pertence ao Concello e non á Igrexa, fose ese punto de información e provisionalmente, para subsanar a falta de información, colocouse un panel informativo, onde está a cuncha xacobeá, explicando a importancia histórica do Santiaguíño do Monte en catro idiomas: inglés, francés, castelán e galego, e da noite para a mañá desapareceu o cartel e nunca máis se volveu repoñer, e pode cicir, con coñecemento de causa, que o Santiaguíño do Monte é un lugar que ten centos e centos de visitas todo o ano e a maior parte van aí porque llo din na oficina de turismo ou no albergue pero non se lle explica a importancia que ten ese lugar.

En relación a Iria di que o peregrino chega a Iria e marcha sen que ninguén lle explique a súa importancia, que marcha de Iria sen coñecer que foi o primeiro templo mariano do mundo e que foi a catedral antes de ser Santiago e que de feito, ata moi tarde, os arcebispos composteláns chamábanse arcebispos de Santiago e bispos de Iria e que ese título de arzobispado de Iria Flavia séguese conservando precisamente en Alemaña. Que son cousas laboriosas porque dan traballo, hai que negociar, pero que dán unha compensación inmensa porque se recupera a importancia histórica do Municipio. Lembra que dicía na comisión informativa que Padrón o ten todo: razóns históricas, documentais, etnográficas... porque na Idade Media os camiños eran inseguros polo que o camiño principal de Santiago, o Camiño Francés, viña polo mar e está constatado que os peregrinos desembarcaban no porto de Pontecesures ou en Aduana e viñan ata Padrón e ese camiño está identificado na topografía porque a aldea de Francos, no veciño municipio de Teo, ten ese nome porque aí instaláronse un grupo de comerciantes franceses e a porta principal do Camiño, a porta principal do Santiago amurallado, que é a porta Faxeira está orientada ao norte e por iso se chama rúa do Franco porque por aí entraban os franceses. Que polo tanto Padrón ten probas historográficas para facer forza para que se recoñeza ese camiño e que se complementa cunha fonte documental, que non a ten ningún municipio de España, que son os fueros e privilexios reais que están gardados no arquivo histórico do noso Concello. Que todos os reis da monarquía desde Fernando II ata Felipe IV concederon privilexios a Padrón por ser o porto de arribada do corpo do Apóstolo Santiago e, polo tanto, hai un núcleo central que é Padrón e un núcleo sobre o que xira toda a tradición xacobeá e que paradóxicamente non ten ese recoñecemento oficial do Camiño e por iso propón que se deixen apartadas as diferenzas ideolóxicas de calquera tipo porque o importante é que o Municipio poida conseguir o obxectivo de que se recoñeza a súa importancia histórica dentro do Camiño de Santiago.

Sr. Lois Ferrón. Di que está de acordo cos puntos da moción. Cree recordar que foi no último pleno da lexislatura, adoptouse un acordo por unanimidade, para que se solicitase á Xunta de Galicia o recoñecemento do Camiño Histórico Santiago- Padrón e todos os organismos competentes están instados para que na maior brevidade posible se faga ese recoñecemento e reitera que si algún grupo político ten máis documentación que se poida adxuntar ao expediente están a tempo de que se inclúa. Informa que na última reunión mantida por parte do Alcalde coa Directora Xeral de Patrimonio, co Xerente do Xacobeo e coa Directora Xeral de Turismo, solicitouselles que, na maior brevidade posible, se pronunciasen sobre este tema.

Considera que tanto a Igrexa de Padrón como a de Iria deberían contar con persoas que poidan trasladar aos peregrinos a información necesaria destes elementos culturais e patrimoniais, sobre todo nos meses que hai maior afluencia, e polo que saben a Igrexa xa recibe algún tipo de aportación mediante convenios co Arzobispado para manter algunha persoa durante un tempo nestes puntos e que o grupo de goberno tamén



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

intentou obter algún tipo de subvención para manter voluntarios nestas dependencias pero que a única subvención que se estivo recibindo foi a realizada en voluntariado e o problema é que eses voluntarios non poden estar sós sen algún técnico nas súas inmediacións e polo tanto xa descartaron que poideran estar no Santiaguíño ou en Iria porque o punto máis próximo é o Espolón onde está o técnico de turismo. Que entende que hai que seguir buscando vías alternativas para manter estes puntos abertos, independentemente de que ata o momento non se conseguise.

En canto ao Plan de Acción di que xa existe un modelo de Plan de Acción, que se pode mellorar en calquera momento, dentro do cal se contempla que si se consegue que ese camiño sexa declarado como oficial, Padrón necesita outro albergue municipal porque está claro que o albergue actual non ten capacidade para todos os peregrinos que veñen á vila, principalmente desde primavera ata finais de verán, polo que tamén se barallou a posibilidade de converter a Casa da Azucarera nun albergue xestionado de maneira municipal ou ben sacándoo en concesión, que é unha posibilidade que se estuda pero que non está nada fixo e que tamén se considerou dotar de iluminación as escaleiras ao Santiaguíño e a zona das rochas, principalmente para os meses de primavera e verán, porque moitos peregrinos comentaron que subían de noite. Di que está completamente a favor da moción.

Sr. Rodríguez Carbia. Puntualiza que a Casa da Azucarera entende que non reúne condicións para albergue. Que cando se conseguiu a cesión desa casa, estando de Concelleiro, pensouse en que podía ser un punto de información e unha sala de exposicións polo amplo aparcamento que ten a carón posto que non se pode facer unha construción adxacente polo grao de protección 1 que ten e pensa que ese sería o destino adecuado. Engade que ás veces tamén hai que dar paso á iniciativa privada e en Padrón hai un albergue privado, non sempre todo ten que ser público e que en Melide, por exemplo, pensa que hai tres ou catro: un público e o resto privados, e é tamén a maneira de incentivar a economía da zona e de crear postos de traballo e xerar riqueza.

Sra. Lois Ferrón. Di que está de acordo pero tamén por darlle unha utilidade a un edificio municipal e que considera que igual é mellor opción a concesión que a municipalización, e que tamén pensou na súa localización porque, si se fai o recoñecemento oficial do Camiño Santiago- Padrón, ese sería como un punto de chegada, pero que é algo que está en estudo e que está aínda enriba da mesa.

Sra. Rey Pazos. Di que non hai moito saíu unha noticia do PG na que reclamaba o mesmo e nese momento púxose en contacto co PG para darlle o seu apoio e o mesmo fai con CIPa e co Goberno. Que, dado que é unha cuestión de vontade política, como se lle dixo, ofrécese para axudar, para falar con alguén, para facer presión ou o que sexa. Pensa que é un terna no que tamén a cidadanía debería implicarse e loitar todos porque é bo para todos. Entende que Padrón debería estar impecable, impoluto, que non pode ser que os peregrinos que pasan por aquí cheguen e vexan as bolsas de plástico no río, as varandas mal. Que non é a primeira vez que di que hai que facer un plan de mantemento das cousas, un plan de limpeza e demáis. Que é unha pena que non se aproveite o Camiño de Santiago porque a riqueza que dá é increíble e parece que todos os pobos, tendo moitísimo menos que Padrón, estalle sacando maior rendemento, e tamén pensa que hai que falar co sector privado, con empresas, co comercio, e que a colaboración que ten que ofrecerlle o Concello en canto a albergues, é facilitarlle a apertura.

Sr. Alcalde. Dalle ás grazas polo ofrecemento de ir negociar con eles, pensa que todos estarían dispostos. Engade que sempre están dando a imaxe de que Padrón está mal e que todo o de fóra está mellor, que van a empezar a ver as cousas ben e facelas mellor.

Sr. Forján Seoane. Lembra, en relación ao que se está falando, que tense aprobado no Pleno algunha moción sobre a limpeza e que nestes momentos as bandeirolas do último Xacobeo seguen colgadas, máis ben os restos que quedan e entende que xa tiveron tempo de retiralas.

Sr. Alcalde. Pensa que deben estar case todas retiradas.

Sr. Forján Seoane. Contesta que se retirou só unha que estaba na Ponte do Carmen, que as demais seguen colgadas.

